



CURSOS DE FORMACIÓN PARA O PERSOAL DA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Cultura, convoca cinco cursos de formación para o persoal da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia que se relacionan no anexo que acompaña esta convocatoria.

A presente convocatoria farase pública a través da páxina web da Rede de Bibliotecas de Galicia www.rbgalicia.xunta.es

1.- Requisitos dos participantes

Poderán participar nas accións formativas convocadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2014 os empregados públicos e as empregadas públicas destinados na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia que se atopen en situación de servizo activo ou excedencia polo coidado dun fillo ou dun familiar e que reúnan os requisitos establecidos para cada curso.

2.- Solicitudes

O persoal que desexe participar nos cursos convocados deberá cubrir o formulario de matrícula telemática na páxina web da Rede de Bibliotecas de Galicia, www.rbgalicia.xunta.es, sen que se admitan outros modelos de solicitude. No caso de ter que achegar documentación que acredite calquera das situacións que se contemplan nos puntos 4 e 5 da epígrafe 3 (Selección), esta deberá remitirse escaneada por correo electrónico ao seguinte enderezo indicando nome, apelidos e DNI na mensaxe: servizo.bibliotecas@xunta.es

O prazo de presentación das solicitudes será de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria.



3.- Selección

Os criterios selectivos que se empregarán son:

1. Que o solicitante reúna os requisitos establecidos para cada curso.
2. Que exista unha relación directa entre as tarefas que realiza o solicitante no desempeño do seu traballo e a materia ou materias obxecto do curso.
3. O menor número de cursos organizados pola consellería competente en materia de bibliotecas realizados polo solicitante durante os dous últimos anos.
4. O solicitante que estea gozando ou gozase nos últimos dous anos dunha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución da xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares, terá dereito preferente a participar nesta oferta formativa sempre que poida acreditarlo e cumpra os requisitos obxectivos para ser destinatario da actividade.
5. Nos cursos reservarase unha cota non inferior ao 5% para ser cuberta por parte de persoas discapacitadas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, sempre que poidan acreditarlo e cumpran os requisitos obxectivos para ser destinatario da actividade.
6. Na concesión dos cursos terase en conta a orde de prioridade establecida polo solicitante no boletín de inscrición.
7. En situación de empate, daráselle prioridade á data de envío da solicitude.
8. No caso de vacantes, as prazas poderán cubrirse con persoal que preste servizo nas bibliotecas da rede e non sexa empregado público, así como con titulados universitarios en biblioteconomía e/ou documentación.

4.- Publicación das listaxes de admitidos

A Secretaría Xeral de Cultura fará pública na páxina web da Rede de Bibliotecas www.rbgalicia.xunta.es unha relación provisional das persoas seleccionadas para





participar en cada curso, así como unha listaxe de reserva. Así mesmo, publicarase con anterioridade ao comezo do curso, e a través desta mesma páxina web, a listaxe definitiva de admitidos.

5.- Asistencia

A asistencia a todas as sesións dos cursos presenciais é obrigatoria. Unicamente poderá autorizarse a ausencia por causas xustificadas que deberán acreditarse documentalmente ante o servizo competente da Secretaría Xeral de Cultura ou ante a persoa responsable do curso nun prazo máximo de 10 días, contados a partir da data na que este finalice. Esta ausencia en ningún caso poderá superar o 15% das horas lectivas. A ausencia, aínda xustificada, superior ao 15% do total das horas lectivas suporá a perda do dereito á obtención do diploma.

6.- Certificados

Para a expedición do certificado de aproveitamento por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o alumnado deberá superar as probas que estableza o docente. Así mesmo, no caso dos cursos presenciais, o alumnado deberá asistir ás sesións de conformidade coa epígrafe 5 (Asistencia) desta convocatoria.

7.- Resolución de dúbidas e dificultades

En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, os interesados poderán dirixirse ao Servizo do Sistema de Bibliotecas a través dos números de teléfono 981 95 72 78 e 881 99 50 89 ou do enderezo de correo electrónico servizo.bibliotecas@xunta.es



ANEXO

A LECTURA NAS PRIMEIRAS IDADES DESDE 0 A 3 ANOS

OBXECTIVOS

- Dar a coñecer a teoría que subxace nos procesos de lectura cando nos referimos a nenos que non dominan a decodificación textual.
- Coñecer e analizar os mecanismos intelectuais e emocionais que desenvolven os nenos máis pequenos para achegarse aos libros.
- Coñecer e valorar as características dos libros destinados a este segmento de idade.
- Poñer en funcionamento unha ampla diversidade de criterios para exercer a selección no eido bibliotecario.
- Propoñer actividades destinadas a achegarlles os libros aos nenos destas idades, tanto no eido bibliotecario coma no familiar.
- Promover experiencias positivas cos libros dirixidos a estas idades.

DESENVOLVEMENTO

- Duración: 15 h.
- Lugar e datas:
Santiago de Compostela – Biblioteca de Galicia. 8 e 9 de maio de 2014.
Horario:
8 de maio: 9.15 a 13.45 h. e de 16.15 a 19.45 h
9 de maio: 9.15 a 13.45 h
- Número de prazas: 25

DESTINATARIOS

Persoal das bibliotecas públicas da Rede de Bibliotecas de Galicia



CONTIDOS

Bloque 1. Primeiros contactos cos libros. Os nenos

- Como len os nenos antes de aprender a ler
- Importancia do contacto precoz dos libros e os nenos
- A palabra do mediador como ponte entre os libros e os nenos
- De 0 a 3 anos: dúbidas e certezas

Bloque 2. Primeiros contactos cos libros. Os libros

- Tipoloxía dos libros para as primeiras idades

Bloque 3. Criterios para seleccionar

- Análise dos libros: imaxes e textos

Bloque 4. Agora que facer cos libros e os nenos

- Experiencias: "Biblioteca, familia e lectura", un exemplo de actuación de biblioteca para primeiras idades da Biblioteca Municipal Os Rosales
 - Formulación do programa
 - Dinámica: actividades que levan a cabo
 - Os pais, mediadores ideais. Axudar aos pais a promover a lectura no fogar.
- Outros proxectos e programas coas súas particularidades, pero cunha mesma filosofía: promover o gusto pola lectura
- Recursos e ligazóns de interese

AVALIACIÓN

Para a obtención do certificado será necesaria a superación dun exercicio individual e a asistencia ás sesións, de conformidade coa epígrafe 5 (Asistencia) desta convocatoria.

DOCENTES

Raquel López Royo. Socia traballadora de A Mano Cultura e editora de Los Cuatro





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de Compostela



Azules

Lorena Maceiras Pereira. Auxiliar de biblioteca. Biblioteca Municipal Os Rosales

Verónica Sabajanes Prieto. Técnico de biblioteca. Biblioteca Municipal Os Rosales



APPS PARA BIBLIOTECARIOS: USO E APLICACIÓN DE SMARTPHONES E TABLETAS

OBXECTIVOS

- Tomar consciencia da amplitude do mundo da tecnoloxía en mobilidade
- Coñecer os diferentes dispositivos do mercado
- Coñecer os aspectos técnicos que requiren unha aplicación móbil e as ferramentas de creación
- Coñecer os elementos que posibilitan o éxito á hora de lanzar unha aplicación móbil
- Aprender a utilizar o universo móbil como medio na dinamización de usuarios

DESENVOLVEMENTO

- Duración: 15 h.
- Lugar e datas: En liña (Campus virtual do Col.legi Oficial de Bibliotecaris i Documentalistes de Catalunya). Do 12 ao 30 de maio de 2014.
- Número de prazas: 25

DESTINATARIOS

Persoal das bibliotecas públicas da Rede de Bibliotecas de Galicia

CONTIDOS

1. Conectividade móbil

- Letras
- Cifras

2. Dispositivos

- Smartphones e tablets
- Características
- Sistemas operativos



3. Web móbil

- HTML 5

4. Aplicacións

- Ferramentas para a creación de app

5. Aplicacións híbridas e web móbil vs aplicacións

6. Contexto

- Móbil e tablet: un intenso universo informativo

7. Bibliotecas e profesionais fronte ás app móbiles

- Bibliotecas e aplicacións móbiles: revisión de casos
- Máis alá da evidencia: posibilidades non exploradas para as bibliotecas no aproveitamento da mobilidade
- Oportunidades para os profesionais da información

8. Análise detallada

- Elementos clave para que unha aplicación funcione
- Gamificación: introducción de elementos do xogo en aplicacións serias

9. Dinamización de usuarios utilizando app móbiles

AVALIACIÓN

Para a obtención do certificado será necesaria a superación dun exercicio individual

DOCENTE

David Maniega Legarda. Director de Tecnoloxía da empresa ICAIia Solutions enfocada ao e-learning e profesor titor de proxectos web no máster en Documentación Dixital da Universitat Pompeu Fabra.





TRANSFORMAR USUARIOS NO SÉCULO XXI. A NOVA FORMACIÓN DE USUARIOS NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS

OBXECTIVOS

- Reflexionar sobre a formación de usuarios no século XXI
- Analizar o papel dos usuarios nos procesos de traballo da biblioteca pública
- Buscar modelos de formación de usuarios colaborativos e activos
- Desenvolver modelos de aprendizaxe entre pares
- Descubrir a innovación oculta das persoas e as súas capacidades
- Explorar as formas de voluntariado implementadas desde a biblioteca pública
- Describir actividades e programas específicos e prácticos: formulacións, dinámicas e desenvolvementos

DESENVOLVEMENTO

- Duración: 40 h.
- Lugar e datas: En liña (Campus virtual da Fundación Germán Sánchez Ruipérez). Do 2 ao 30 de xuño de 2014
- Prazas: 25

DESTINATARIOS

Persoal técnico bibliotecario e responsables das bibliotecas públicas municipais

CONTIDOS

Módulo 1: De formar a transformar

- Usuario pasivo ou proactivo
- Roles dos usuarios

Módulo 2. De lector de club a lector mediador

- Club de lectura profundada (modos, xestión, dinámicas...)



Módulo 3. De lector a escritor e a dinamizador

- Lectura en voz alta
- Obradoiro Ler para escribir

Módulo 4. De lector illado a lector conectado

- TLeo, obradoiro de lectura interxeracional (aprendizaxe entre pares, conectando sentires e emocións)
- Biblioteca Humana (innovacións ocultas, aprendizaxe entre pares)

Módulo 5. De lector individual a lector solidario

- Leo para ti (xestión de voluntarios, obradorio de lectura solidaria, procesos, etc.)
- Club da Nubeteca (innovadores tecnolóxicos e culturais, formación entre pares)

Módulo 6. A alfabetización de nativos, inmigrantes e desconectados dixitais: formarse para ler na nube

- Alfabetización tecnolóxica para a lectura social
- Lectura en dispositivos electrónicos (e-readers e tablets)
- Lectura nas redes sociais xerais
- Lectura nas redes sociais de lectura

AVALIACIÓN

Para a obtención do certificado será necesario responder aos cuestionarios ao final de cada módulo e superar as tarefas programadas polos docentes. A participación nos foros tamén será avaliable

DOCENTES

M^a Antonia Moreno Mulas e M^a Ángeles Redondo. Centro de Desenvolvemento Sociocultural. Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Peñaranda de Bracamonte, Salamanca
Raquel Pérez Rubio. Social Media e Axudante de Biblioteca da Área de Biblioteca, Formación y Fomento de la Lectura do Centro de Desenvolvemento Sociocultural. Fundación Germán Sánchez Ruipérez





O BIBLIOTECARIO 2.0: COMMUNITY MANAGER DA BIBLIOTECA

OBXECTIVOS

- Lograr unha aproximación práctica e teórica da Web Social e a Biblioteca 2.0
- Coñecer as principais iniciativas e casos destacables de bibliotecas e centros de información denominados Bibliotecas 2.0
- Coñecer a figura e responsabilidades do Community Manager: manexo das ferramentas da Web 2.0 e a súa aplicación na mellora e creación dos servizos bibliotecarios
- Ser capaz de elaborar un plan social para unha organización

DESENVOLVEMENTO

- Duración: 25 h.
- Lugar e datas: En liña (Aula CESGA). Do 9 ao 30 de xuño de 2014
- Número de prazas: 25

DESTINATARIOS

Persoal das bibliotecas públicas da Rede de Bibliotecas de Galicia

CONTIDOS

Módulo 1. Introducción á web social

- Concepto, desenvolvemento e evolución
 - Filosofía e principios da web social
 - Críticas á web social
 - Principais servizos web 2.0
- Actividades



Módulo 2. Plataformas e redes sociais

- Creación e xestión de blogs con WordPress
 - Repositorios de información textual e audiovisual
 - Xestión social da información: redes sociais e o caso facebook “a biblioteca 24/7”
- Actividades

Módulo 3. A figura do Community Manager: responsabilidade e xestión de comunidades virtuais

- A función do Community Manager
 - Planificación estratéxica e xestión de procesos
 - Posicionamento de marca e xestión da reputación online
 - O que NON debe facer nunca un Community Manager
 - Casos de éxito: exemplo de boas prácticas
- Actividades

Módulo 4. Plan de marketing social

- Marketing de contidos e visibilidade on-line
 - Redacción e estilo para contidos 2.0
 - Protocolos e guías
 - Avaliación e medición de resultados: analítica, métrica e indicadores da web social
- Actividades

AVALIACIÓN

Avaliarase a realización das actividades propostas durante o curso e a participación nos debates

DOCENTE

Catuxa Seoane. Responsable do Departamento de Comunicación Dixital do Sistema de Bibliotecas Municipais da Coruña





XESTIÓN DA COLECCIÓN NA BIBLIOTECA PÚBLICA

OBXECTIVOS

- Comprender a importancia da xestión da colección como un proceso sistemático de construción e mantemento dos fondos dunha biblioteca
- Aprender a avaliar para saber cal é o punto de partida e que elementos son susceptibles de mellora
- Coñecer os métodos de dimensionamento e parametrización da colección
- Entender a selección como un traballo intelectual que require dunhas actitudes e capacidades
- Coñecer as principais fontes de selección
- Asumir a expurgación como un elemento esencial para manter unha colección actualizada, atractiva e equilibrada
- Achegarse á xestión da colección nos novos ámbitos tecnolóxicos

DESENVOLVEMENTO

- Duración: 40 h.
- Lugar e datas: En liña (Aula CESGA). Do 8 de setembro ao 8 de outubro de 2014
- Prazas: 25

DESTINATARIOS

Persoal técnico bibliotecario e responsables das bibliotecas públicas municipais



CONTIDOS

Módulo 1. Cara á xestión da colección

- Xestión (ou como facer que as cousas saian segundo o planificado)
- Colección bibliográfica (ou o corazón da biblioteca pública)
- A xestión das coleccións

Módulo 2. A avaliación da colección

- Por que avaliar?
- Métodos para a avaliación

Módulo 3. A parametrización da colección

- Cuestións metodolóxicas
- Modelos para o dimensionamento e parametrización da colección

Módulo 4. A selección de materiais

- Principios de selección
- Elementos que interveñen na selección
- Procura, localización e identificación de documentos

Módulo 5. A adquisición de materiais

- Sistemas de adquisición
- O proceso de adquisición
- A automatización das adquisicións

Módulo 6. A expurgación de materiais

- Conceptualización da expurgación
- Planificación



- Criterios e metodoloxía
- Destino dos fondos obxecto da expurgación
- Avaliación da expurgación

Módulo 7. Outros aspectos da xestión da colección

- Localización e promoción da colección
- Recontos
- A preservación

Módulo 8. Unha aproximación á xestión da colección nas novas contornas tecnolóxicas

- Concepto de recurso electrónico
- Tipoloxía dos recursos electrónicos
- A selección e adquisición das publicacións electrónicas
- A preservación
- A avaliación

AVALIACIÓN

Para a obtención do certificado será necesaria a superación das actividades programadas polo docente. A participación nos foros tamén será avaliable.

DOCENTE

Elena Sánchez Muñoz. Facultativo Superior de Bibliotecas. Servizo do Sistema de Bibliotecas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

